

EXERCICIOS DE REFORZO DA 1ª AVALIACIÓN. 2º ESO

Exercicio nº 1.-

- a) Escribe todos os divisores de 96.
- b) Escribe os dez primeiros múltiplos do número 12.
- c) En que cifras rematan o números divisibles entre 5? Por que?

Exercicio nº 2.-

- a) Ordea de menor a maior: 9,75 9,7 9,76 9,754 9,8
- b) Intercala un número decimal entre estes dous: 34,3 < _____ < 34,4

Exercicio nº 3.- Expresa en segundos:

- a) 2 h 30 ' 25 " =
- b) 8° 15' 26" =

Exercicio nº 4.- Expresa a fracción en forma de número decimal e viceversa:

- a) $\frac{12}{7}$
- b) 0,75

Exercicio nº 5.- Obtén dúas fraccións equivalentes ás dadas e sinala a súa fracción irreductible:

- a) $\frac{75}{150}$
- b) $\frac{48}{108}$

Exercicio nº 6.- Ordena de menor a maior as seguintes fraccións logo de reducilas previamente a común denominador:

$$\frac{1}{3}, \frac{7}{9}, \frac{5}{8}, \frac{15}{18}$$

- Exercicio nº 7.- Calcula:
- a) mín.c.m. (12, 24, 36) =
 - b) máx.c.d. (60, 72, 84) =
 - c) mín.c.m. (20, 30, 50)
 - d) máx.c.d. (30, 45, 75)
 - e) mín.c.m. (30, 60, 90)
 - f) máx.c.d. (8, 16, 24)

Exercicio nº 8.- Resolve as seguintes operacións con números enteiros:

- a) $10 - 6 + 2 - 7 - 1 + 8 =$
- b) $10 \cdot (-5) \cdot (-2) =$
- c) $56 : (-8) =$

Exercicio nº 9.- Resolve escribindo o proceso paso a paso:

a) $-7 \cdot [3 + (-4) - (2 + 5 - 1)] =$

b) $-7 \cdot (-2) - [-5 + (-2) - (-3)] \cdot (-2) =$

Exercicio nº 10.- Calcula:

a) $41,28 + 3,141 - 6,028 =$

b) $3,125 + 89,25 - 34,15 =$

c) $254 \times 6,35 =$

d) $90 : 0,45 =$

Exercicio nº 11.- Calcula multiplicando ou dividindo pola unidade seguida de ceros:

a) $44,25 \cdot 100 =$

b) $0,0034 \cdot 1000 =$

c) $8976 : 1000 =$

d) $754,23 : 10 =$

Exercicio nº 12.- Calcula:

a) $24^\circ 36'' - 18^\circ 29' 45''$

b) $2\text{ h } 29\text{ min } 37\text{ s} + 3\text{ h } 26\text{ s}$

c) $(22^\circ 15' 20'') \cdot 5$

d) $(2\text{ h } 15\text{ min } 24\text{ s}) : 3$

Exercicio nº 13.- O dependente dunha papelería ten que organizar en botes 36 bolígrafos vermello, 60 bolígrafos azuis e 48 bolígrafos negros. Todos os botes teñen que ser iguais e co maior número de bolígrafos, sen mesturar as cores. Cantos poñerá en cada bote?

Exercicio nº 14.- Un cometa é visible desde a terra cada 24 anos e outro, cada 36 anos. O último ano que foron visibles conxuntamente foi en 1944. En que ano volverán coincidir?

Exercicio nº 15.- Rosa pagou 3 € por 1,25 quilos de amorodos. Canto pagará Raúl por 650 gramos?

Exercicio nº 16.-

a) Dos 256 alumnos e alumnas que hai nun instituto, $\frac{1}{4}$ son de 2º curso da ESO.

Cantos alumnos e alumnas hai en 2º?

b) Dun depósito de auga que estaba cheo, sacáronse $\frac{2}{3}$ e aínda quedan 400 litros.

Cal é a capacidade do depósito?

Exercicio nº 17.- Para elaborar un pastel, María utilizou tres paquetes de fariña completos e $\frac{3}{5}$ de outro, e Gloria empregou dous paquetes completos e $\frac{3}{4}$ de outro. Se cada paquete pesa 1Kg, que cantidade de fariña gastaron entre ambas?